

## TEMAS INICIAIS.- A CIVILIZACIÓN GREGA E ROMANA

### Introdución

A civilización grega xorde nas beiras do Mediterráneo arredor do terceiro milenio antes de Cristo. A época de maior esplendor foi no século V antes de Cristo.

### Localización xeográfica: onde xorde??

É unha civilización que nace no sur da península dos Balcáns e que se estende polas illas do mar Exeo e Xónico e as costas de Asia Menor. Este espazo era denominado a **Hélade**. Eran terras pouco produtivas e cun clima moi seco, así que se viron obrigados a estenderse polas costas do Mediterráneo.



Territorio habitado por los Gregos.

### Etapas políticas

Os historiadores establecen tres etapas:

#### ETAPA ARCAICA

É a etapa inicial na que se vai organizando o mundo grego. Os habitantes destas terras comezaron a vivir en **ciudades-estado (polis)** que estaban gobernadas polos máis ricos (**aristoi = os mellores**). Co tempo inventarán un sistema para gobernar nas polis denominado **democracia**: os cidadáns deciden e elixen aos gobernantes. Non houbo democracia en todas as polis pero a máis famosa polis na que a houbo foi Atenas.

Nesta etapa de organización os gregos xa foron migrando cara a territorios que tiveran mellores condicións para vivir. É dicir, fundaron **colonias** por todo o Mediterráneo, tanto cara o oeste como cara o leste. Nesas colonias vivíase seguindo os costumes gregos, polo que estenderon a civilización, as ideas, por todas as marxes do Mediterráneo.

#### ETAPA CLÁSICA

A máis importante. Nesta etapa houbo dúas polis que tiñan máis poder e riqueza: Esparta e Atenas. Nesta etapa os gregos fixéronse moi fortes por que derrotaron ao inimigo máis importante que eran os **persas**. As guerras entre os persas (medos) e os gregos chámanse **GUERRAS MÉDICAS**. Vencen os gregos e Atenas é a polis que se converte na máis poderosa e rica. Esta polis creou unha liga, a **Liga de Delos**, nas que as polis se uniron para impedir que outro inimigo as poidera derrotar. No século V a. C. esta Atenas poderosa, dirixida por Pericles, é o momento de maior esplendor da historia grega.

As envexas entre Esparta e Atenas van acabar noutra guerra as **Guerras do Peloponeso** entre as polis que apoian a Atenas e as que apoian a Esparta. Rematan estas guerras no ano 403 a C coa vitoria de Esparta e o fin do esplendor de Atenas.

#### ETAPA HELENÍSTICA

Aquí a situación é moi diferente xa que agora é un rei, que procede do norte de Macedonia, quen conquistou todos os territorios gregos. Chamábase Filipo de Macedonia. Era o pai de Alexandre Magno. Pai e fillo conquistaron todo o que puideron e chegaron ata o río Indo.


Por que isto é importante ? por que Alexandre levou a cultura (relixión, idioma, arte....) grega por todos os territorios conquistados, mesturando o mundo oriental e o mundo grego (isto é o helenismo).

### Las polis griegas


Eran pequeñas ciudades-Estado independientes que estaban formadas por una ciudad principal y los campos de alrededor.

Las polis griegas tenían sus leyes, su moneda, su ejército y su gobierno propio.

En las primeras polis existía un gobierno oligárquico, compuesto por un grupo reducido de aristócratas. En el siglo VI a.C. hubo unas reformas sociales y políticas que dieron lugar a una nueva forma de gobierno: la democracia.



Las polis tenían dos partes:  
La parte baja: Viviendas, tiendas, edificios públicos y una gran plaza (ágora).  
La parte alta o acrópolis: Se hallaban los principales edificios religiosos



## A forma de vida dos gregos

A sociedade grega estaba formada por dous grandes grupos: cidadáns e non cidadáns.

- a) **Os cidadáns** era o grupo que **PODÍA PARTICIPAR** na política da polis; era un grupo minoritario (poucos) con moitos dereitos e pagan impostos. Podían ser ricos ou non
- b) **Os non cidadáns** eran aquelas persoas que **NON PODÍAN PARTICIPAR** na política da polis. Dentro deste gran grupo estaban:
  - Os **estranxeiros** ou **metecos**: eran persoas libres e pagaban impostos pero non podían ter terras nin casas. Adicábanse ao comercio
  - Os **escravos**: non tiñan liberdade. Eran normalmente prisioneiros de guerra ou fillos de escravos. Facían os traballos máis duros no campo, nas minas...
  - As **mulleres**: podían ser libre ou ser escravas. Non tiñan dereitos. Non podían participar en política e sempre estaban baixo a autoridade dun home (pai, irmán, esposo...)

Era unha sociedade \_\_\_\_\_

## A actividade económica dos gregos

Case todo o mundo vivía nas polis, por que eran máis seguras que o campo e alí adicábanse a:

- **Comercio**: A máis importante. Na polis vendíanse os produtos do campo e os obxectos que realizaban os artesáns e pequenas tendas ou nas rúas. Logo había comerciantes que eran moi ricos e poderosos xa que levaban e traían produtos polo Mediterráneo. Levaban o que se facía na Hélade e traían o que compraban noutras zonas. Os gregos usaban unha **moeda chamada dracma**.
- **Artesanía**: era outra actividade económica. Destacaban en cerámica que a facían de gran calidade, tecidos e o traballo de peles (curtidores). Recorda que todos os obxectos se facían de xeito artesanal.
- **Agricultura**: Tamén había agricultores pero a agricultura era moi pouco produtiva. Adoitaban cultivar vide, oliveira e trigo.



## Cultura e relixión

Os gregos eran **politeístas** e cada polis tiña un deus protector. Os deuses gregos eran representados como humanos pero eran inmortais; loitaban ou emparellábanse entre eles. Os deuses gregos máis importantes residían no **monte Olimpo** e o deus principal era Zeus.

Os gregos tamén crían nos **heroes** que eran fillos de deuses e humanos. Exemplos de heroes son Aquiles, Ulises... pensaban que deles procedían as familias importantes.

Tamén crían na existencia dos **ciclopes**, dos **centauros**....

Os gregos inventaban os **MITOS** que eran historias sobre os deuses e heroes. A estas historias chámase **mitoloxía**.

**NOTA**: Os gregos pensaban que os deuses os podían axudar. Pensaban que enviaban mensaxes (**oráculos**) que os **adiviños** podían interpretar. Calquera actividade importante que se quixera facer (unha guerra, por exemplo) era necesario consultar o oráculo ( ver o que opinaban os deuses). O máis famoso oráculo era o de Delfos.



## A Arquitectura grega: o templo


Nos templos gregos estaban as estatuas dos deuses. O material co que se facían estes templos era a pedra, ben mármore, ben calcaria. Logo o edificio se pintaba de cores intensas

A planta máis usada era a planta rectangular e estaban construídos sobre unha plataforma

Os teitos eran planos xa que os gregos non usaban nin a bóveda nin os arcos. Estes teitos eran sostidos por columnas

Os templos tiñan **varias estancias**:

- PRONAOS: era a entrada
- NAOS OU CELLA: era a parte principal. Aquí gardábase a estatua da deusa ou do deus
- OPISTODOMOS. Era un espazo para gardar os tesouros do templo



### As ordens arquitectónicas gregas


Os gregos querían que os seus edificios foran perfectos e harmónicos.

Como o conseguiron?

Construíron os seus edificios usando as matemáticas, unas proporcións matemáticas. Estas proporcións, medidas matemáticas, son as ordens

Hai tres ordens arquitectónicas, tres modelos matemáticos para construír os templos:

- ORDE DÓRICA
- ORDE XÓNICA
- ORDE CORINTIA



DÓRICA




XÓNICA




CORINTIA

Os elementos dun templo grego son:

### Esquema de un templo grego



### Los órdenes arquitectónicos





## A escultura grega

A escultura grega **representaba a deuses e héroes**. Por iso a escultura situábase nos templos, dentro e fóra.

A escultura pode ser en forma **de relevo ou exenta**

Os escultores preocupáronse, sobre todo, por **representar o corpo humano** espido, pero dun xeito ideal. É dicir, non representaban a realidade, senon que elaboraban esculturas feitas con proporcións calculadas matematicamente. Así conseguían estatuas **con una beleza ideal**. Aprender a facelo foi un proceso longo.



Usaban **mármore, bronce e madeira**, o ouro e o marfil. Logo pintábanas para que pareceran reais. A escultura grega era de **tan boa calidade** que todos os artistas posteriores a imitaron: os romanos, os artistas do renacemento, etc..

**A FONDO**

### A evolución da escultura

Na época arcaica as esculturas eran **estáticas e rixidas**. Os trazos humanos representábanse de forma esquemática. Había dous tipos de figuras: o **kurós**, ou atleta espido, e a **koré**, ou moza vestida.

Na época clásica as esculturas eran **máis realistas** e adquiriron un certo movemento. Os rostros son serenos e harmoniosos, e as composicións, equilibradas.

Na época helenística as esculturas enchéronse de **movemento** e volvéronse **moi expresivas**. Os rostros reflicten expresións atormentadas.

**Doc. 23 Koré.**  
Adoita representar a unha sacerdotisa que viste unha túnica ata os pés. Mostra un enigmático sorriso e leva unha man no peito cun significado ritual.

**Doc. 24 Discóbolo, de Mirón.**  
Representa a un atleta no momento de realizar o lanzamento do disco. Aínda que o corpo suxire movemento, o rostro non reflicte a tensión do lanzamento.

**Doc. 25 Laocoonte.** Representa a Laocoonte, un sacerdote de Troia, loitando para liberar os seus dous fillos dunhas serpes enviadas por Apolo. Destacan o movemento retorcido e a expresividade das figuras.

210